



MESA PROVINCIAL DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Lugo, 29 de setembro de 2016

ACTA DA MESA TÉCNICA



DEPUTACIÓN DE LUGO



ACTA DA MESA PROVINCIAL DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

MESA TÉCNICA

Reunidos no Pazo Provincial o xoves 29 de setembro de 2016 con motivo da celebración da Mesa Provincial dos Camiños de Santiago, iníciase nas aulas de formación ás 10:25 horas a Mesa Técnica, na que participan os convocados:

Don Ramón Yzquierdo Perrín.

Dona María de las Nieves Peiró Graner.

Dona Elisa Ferreira Priegue.

Don Ricardo Gómez Polín.

Don Francisco Singul Lorenzo.

Don Manuel Rodríguez Fernández.

Don Felipe Arias Vilas.

Don Jaime Félix Arlindo López Arias.

Don Carlos Nuevo Cal.

Dona Yoani Jartín Salgado.

Don Juan Carlos Fernández Pulpeiro.

Dona Mercedes Lamela López.

Don Fernando Planas Roca.

Dona Encarna Lago González.

Don Enrique Alcorta Irastorza.

Don Luis Celeiro Álvarez.

Entre os convocados ausentes atópase Don Xoan Ramón Fernández Pacios.

Incorpórase a esta mesa ao comezo do acto Don Eloy Rodríguez López, ex Alcalde de Portomarín.

Unha vez feita a introdución polo moderador, Don Xosé Manuel Becerra Pardo, que establece como se vai desenvolver a mesa de traballo en base a turnos de intervención de 5-6 minutos por participante, dáse paso ás intervencións dos integrantes da Mesa Técnica, comentando que tralas intervencións se elaborará un documento de conclusións xerais para presentar na posta en común do acto da Mesa Provincial dos Camiños de Santiago.



Abre o turno de intervencións **Dona Mercedes Lamela López**, como Xefa do Servizo de Promoción do Territorio e Turismo, organizador da Mesa Provincial dos Camiños de Santiago, quen agradece a asistencia de todo un equipo de persoas ligadas á investigación das Rutas Xacobeas. Na súa intervención explic

a que o acto se celebra no contexto do Plan Director e Estratéxico dos Camiños de Santiago en Galicia, en cuxo marco as Deputacións xogan un papel fundamental á hora de facilitar o diálogo entre os distintos axentes implicados na promoción da cultura xacobeas e á hora de canalizar propostas de mellora.

Explica que á hora de organizar a Mesa Provincial dos Camiños de Santiago na Provincia de Lugo se tivo en conta como antecedente outras mesas celebradas nas Deputacións de Pontevedra e Ourense, mais que en Lugo se tratou de ir un paso máis aló a través da organización dunha mesa máis plural na que tiveran cabida as opinións do sector institucional do ámbito civil e eclesiástico, así como a presenza de asociacións como os Amigos do Camiño, o sector privado, a hostalería, así como cun conxunto de persoas que co seu traballo loitaron en prol das rutas xacobeas na Provincia de Lugo.

A razón de que a Mesa do Camiño da Provincia de Lugo sexa tan plural é porque se considera que Lugo, dentro do Plan do Camiño, debe “*subir ao tren*” por ser a provincia de España que conta con máis quilómetros de rutas xacobeas e polo papel activo que a Deputación de Lugo xogou dende o anos 80 do pasado século no redescubrimento dos Camiños. Lembra que o traballo da Deputación de Lugo comeza dez anos antes do primeiro Xacobeo, no seo do Consello de Cultura, no que se enmarcou o grupo de traballo “Rutas Xacobeas”, o cal contou coa presenza de persoas como Elías Valiña Sampedro, o “cura do Cebreiro”, Don Ramón Yzquierdo Perrín ou Don Juan Carlos Fernández Pulpeiro.

Dona Mercedes Lamela López pide aos membros da mesa que durante esta reunión se reflexione sobre as ideas que aparecen no plan director dos Camiños, en especial en materia de protección e conservación, co fin de obter un conxunto de propostas que se podan pór en marcha e repercutan no desenvolvemento socioeconómico da Provincia de Lugo.

A continuación, por alusións, toma a palabra **Don Ramón Yzquierdo Perrín**, quen comeza a súa intervención recordando o papel fundamental da Deputación de Lugo na recuperación dos Camiños, facendo especial alusión á figura de Don Elías Valiña Sampedro, sen quen non tería sido posible a recuperación do Camiño Francés, así como de Don Francisco Cacharro Pardo, quen, en contacto e coa coordinación de Don Juan Carlos Fernández Pulpeiro e baixo a dirección do propio Yzquierdo Perrín comezaron coa recuperación dos Camiños, un traballo “*moi serio e pensado*”, que contou coa colaboración de xente moi capacitada: Elisa Ferreira Priegue, quen máis sabe de camiños medievais en Galicia; Dona Nieves Peiró Graner, documentalista do equipo de traballo; Don Juan Balboa, figura fundamental polas súas esixencias, así como Don Juan Carlos Fernández Pulpeiro, que actuaba como conexión do grupo coa Deputación, e o propio Yzquierdo Perrín, a quen lle tocaba o papel de “*dar a cara*”, facer as visitas, etc.



Don Ramón Yzquierdo Perrín recorda que a recuperación do Camiño Francés comezou de maneira efectiva coa I Semana de Estudos Históricos, que tivo lugar en setembro de 1986. Foi precisamente durante esas datas cando se colocaron as primeiras mouteiras, dos cales se pregunta por que foron cambiadas últimamente e poñendo sobre a mesa o tema dos despilfarros no Camiño como unha das cuestións que lle gustaría tratar.

Don Ramón Yzquierdo Perrín prosegue facendo un repaso á labor realizada polo grupo de traballo "Estudos Xacobeos", facendo referencia á investigación relativa ao Camiño de Santiago Norte- Ruta da Costa, publicando no 1992 un material informativo "*moi valioso*" sobre o mesmo, así como o traballo sobre o Camiño de Santiago do Norte- Rutas do Interior, que culminou tamén cunha publicación.

Don Ramón Yzquierdo Perrín recorda que cando as rutas mencionadas xa estaban en marcha grazas á Deputación de Lugo (lamentando que ninguén se lembre disto), comezouse a traballar no chamado Camiño Sur ou de Inverno, que tivo unha longa xestión, comezando no seo do grupo de traballo e continuando coa labor de Dona Aida Menéndez, verdadeira artífice que loitou persoalmente nestes últimos anos polo recoñecemento desta ruta, cuxo redescubrimento foi parello a outro fito que supuxo a posta en valor do territorio dende unha perspectiva monumental e turística como foi a Ruta dos Encoros.

Don Ramón Yzquierdo Perrín conclúe que, no ámbito do Camiño de Santiago, a Deputación de Lugo ten moito que dicir e xa dixo moito, o cal é algo que como institución se lle debe recoñecer.

Toma a continuación a palabra **Don Juan Carlos Fernández Pulpeiro**, quen agradece a presenza dos membros da mesa técnica, indicando que son "capitais" para o desenvolvemento do pasado, presente e futuro do Camiño, máis aló dos colectivos e representantes institucionais. Indica, tamén, que coincide coa argumentación aportada por Dona Mercedes Lamela López e por Don Ramón Yzquierdo Perrín, no sentido de que a Deputación de Lugo foi fundamental, con Elías Valiña Sampedro como referente, moitas veces acompañado por Don Eloy Rodríguez, ex- Alcalde de Portomarín, e poucos máis porque, segundo di "*ninguén daba un peso polo Camiño, nin veciños, nin colectivos, nin concellos, nin Obispado, nin Arzobispado*" ata que se creou a Asociación de Amigos do Camiño na Provincia de Lugo, "*que foi a segunda en toda España, ademais da propia labor de Elías Valiña, Eloy Rodríguez e un grupo de xente que veu a continuación*".

Destaca a labor do grupo de traballo "Estudos Xacobeos", nado no seo do Consello de Cultura da Deputación de Lugo, que se propuxo recuperar os Camiños tradicionais, prantando árbores, creando albergues ou arranxando camiños moito antes de que comezase ninguén, nin sequera Xacobeo. Indica que "*ahí quedou toda a documentación, que logo en parte foi apropiada sen consultar con ningún dos artífices dese traballo. Quede ahí esta denuncia para expresar un descontento por como se fixeron as cousas a partir de que a Xunta tomou a batuta*".

Don Juan Carlos Fernández Pulpeiro prosegue dicindo que non ten xustificación que se sacaran as mouteiras e a sinalización orixinal do Camiño. Recorda que foi no seo do Consello de Cultura cando o arquitecto Don Antonio González Trigo nunha "*chuleta*" ideou o fito do Camiño, que logo sería executado por un escultor



destacadísimo, Don Manuel Mallo, tampouco recoñecido, mesmo a pesares do seu traballo para a Sagrada Familia.

Lembra tamén o papel que tivo o conductor Eusebio Monjero no proceso de redescubrimiento dos Camiños e como parte do equipo de traballo "Estudos Xacobeos".

En relación ao presente, trátase de pór sobre a mesa algunhas das cuestións xa comentadas para o Plan Estratéxico e Director do Camiño de Santiago, propoñendo para o futuro:

- Crear unha figura de inspección dos Camiños que esté estudando de maneira permanente as necesidades do peregrino e suplindo as deficiencias de forma inmediata.
- Potenciar a investigación creando un grupo por parte da Deputación de Lugo para continuar a traballar neste sentido, pois segundo afirma "*queda moito por facer*", poñendo como exemplo o estudo do Camiño de Triacastela a Lugo.

Toma a palabra **Don Manuel Rodríguez Fernández**, quen se mostra dacordo coas propostas de Don Juan Carlos Fernández Pulpeiro. Pon sobre a mesa como primeira idea que "*O Camiño é memoria e se o desmemorizamos será un sendeiro*". Neste sentido establece como proposta prioritaria a reivindicación da figura de Elías Valiña Sampedro, da súa contorna e do que el representa. Indica que lle causa unha fonda tristura a retirada do premio Elías Valiña, xa que supón acabar coa figura esencial do Camiño, como referente do que ninguén disinte. Unha forma de volver reivindicalo e que non caia no esquecemento é crear dende a Provincia de Lugo un premio propio adicado a esta figura.

Igualmente, voltando á idea do perigo que suporía *desmemorizar* o Camiño, reivindica as mouteiras históricas como elementos esenciais e definitivos da memoria dos peregrinos. Pon como exemplo o "mojón 100", tan fotografiado e presente nalgúnhas películas sobre o Camiño, así como o seu significado, o cal non é outro que "*veño de percorrer toda España e chego aos últimos 100 quilómetros*". Se, ao igual que moitos pensan, esa mouteira se toma como o punto inicial do Camiño, circunscríbese este ao territorio galego en exclusiva e terminase coa súa esencia.

A Mesa Técnica continúa coa intervención de **Don Jaime Félix Arlindo López Arias**, quen comeza facendo memoria sobre os inicios da recuperación dos Camiños, situándoa nos anos 60 do pasado século, cando xa foron visibles unha serie de actuacións en prol do Camiño de Santiago como é a promoción realizada dende o Ministerio por parte de Don Manuel Fraga Iribarne. Igualmente, no propio Concello de Sarria, realízase o acondicionamento da praia fluvial para acoller aos moitos peregrinos que se suporía que ía haber no Ano Santo da década dos 60 e o pobo implícase de cheo neste acontecemento, xunto co propio Concello, a Caixa de Aforros, etc. Igualmente, destaca o feito de que o Concello de Sarria tiña xa daquela unha dotación económica de 100 pesetas por peregrino para ofrecerlles bocadillos. Tamén cómpre destacar a preparación de múltiples lugares de acollida, debendo mencionar os monxes de Samos, os frailes de Sarria ou o acondicionamento do cárcere de Sarria como albergue número 13.



En relación aos Concellos dos Camiños, nos anos 60 creouse unha especie de mancomunidade de Concellos dos Camiños, con escasa duración na práctica, mais sentando un precedente naquela época.

Tamén se fixeron xuntanzas informais de Alcaldes, ás que igualmente se uniron as Deputacións de Lugo e A Coruña, mais nunca se conseguiu que estivese presente o Concello de Santiago agás nunha ocasión, cando expuxo toda unha serie de inversións que se tiñan realizado, mais realmente sempre recibiran o que previamente fixeran os outros concellos, citando como exemplo concreto o caso de Portomarín, co seu “célebre” albergue do pavillón de deportes e o colexio público ou a cesión gratuíta de espazo por parte dos monxes de Samos.

Indica que as xuntanzas de Alcaldes e corporacións lograron o total apoio da Deputación de Lugo e nelas recolléronse toda clase de suxestións. Non obstante, foi máis complexo lograr o apoio da Xunta de Galicia ante o feito de que era necesario acondicionar unha estrada paralela ao Camiño. A primeira xestión que se fixo neste sentido foi por parte dos Alcaldes do Camiño, que foron solicitalo expresamente á Consellería de Obras Públicas, sendo finalmente asumido este proxecto por Don Manuel Fraga nos anos 60.

Iguualmente, explica que houbo un esforzo moi grande para facer a baixada do tramo de Paradela, traballando día e noite, o que foi posible grazas á presión dos Alcaldes fronte a instancias superiores.

Continúa dicindo que, entre outras iniciativas, propúxose pór en Pedrafita do Cebreiro un centro de información do Camiño, sen embargo, como resposta obtívose que o que había que facer era pór en Bruselas unha oficina de información. Ante a negativa, tiveron que ser os propios concellos os que dipuxeron os primeiros centros de información para os peregrinos.

Hoxe trátase de reivindicar o compromiso que tiveron os concellos na defensa e promoción dos Camiños e tamén a necesidade de que as institucións se impliquen máis á hora de financiar as publicacións sobre o Camiño.

No que se refire ao Camiño que dende o Cebreiro viña a Lugo, cómpre destacar que de vez en cando Concellos como O Corgo e Láncara levan a cabo accións para dalo a coñecer. Trátase dun camiño histórico, de saída e entrada da correspondencia de Galicia e un camiño militar. Tamén é coñecido o paso de reis por el. En concreto, en Láncara, atopábase o Mesón Real e está documentado o paso de Dona Urraca.

Por último, conclúe que a diversidade dos Camiños é positiva, que o Camiño é un concepto universal e que cómpre eliminar os localismos.

Continúa coa súa intervención **Don Carlos Nuevo Cal** que comeza aportando a idea de que o Camiño está moi mitificado ou mistificado en exceso e mesmo ás veces moi *topificado*. Prosegue dicindo que a maior parte dos visitantes son europeos e que se trata de xente que é moi reflexiva e que se fixa moito nos pequenos detalles.

Indica que o Camiño nunca tivo unha evolución lineal no que se refire ao número de visitantes que por el pasaron, senón que tivo altibaxos moi claros ata o punto de que no século XIX, debido á crítica racionalista que houbo sobre o significado do Camiño



dende o punto de vista relixioso e non ía ser ata despois da Guerra Civil cando se volveu a experimentar unha recuperación, con Manuel Fraga como Ministro de Información e Turismo, nun momento no que cumpría equilibrar a balanza de pagos ante o bloqueo europeo.

Considera que hoxe en día o éxito do Camiño é innegable pero que o Plan Director do Camiño está exclusivamente centrado no turismo, debendo ser máis multidisciplinar e contar con máis axentes representados (historiadores, arqueólogos, etnógrafos...). O turismo é moi importante, pero nas vilas teñen que vivir os cidadáns e outros axentes nos que ás veces non se pensa.

Pon como exemplo os paseos marítimos como inversións cuxo mantemento é hoxe moi custoso, á vez que son obras moi impactantes que rachan coa estética e a paisaxe, non empregando en moitos casos materiais propios da zona.

No que se refire ás peregrinacións, di que a xente sempre buscou en moitos casos a soidade ao peregrinar. A peregrinación é unha cuestión de esforzo, de penitencia, de expiación dos pecados e de reflexión. Hoxe parece que a peregrinación se converteu nunha especie de carreira por chegar á meta. Neste sentido, cómpre pensar no que desexamos para as xeracións futuras, se imos deixar os camiños tradicionais ou os imos modificar totalmente con modernidades que os alcaldes queren por conveniencia particular.

Centrándose no caso da Mariña ou das "Terras de Viveiro", remarca a existencia de dous camiños na zona norte, que, partindo de Ribadeo, se bifurcan: está por unha banda o Camiño do Mar, que bordea a costa ata chegar a Viveiro, continuando por Ortigueira ata Ferrol, onde enlaza co Camiño Inglés. Este Camiño non conta con declaración oficial.

Considera que este Camiño e o Norte, que si é oficial, son fundamentais e hoxe contan con gran afluencia de peregrinos, con variados perfís en canto ao tempo de permanencia (que abarca entre unha semana e un mes) e con diferentes niveis de gasto en función da permanencia.

Insiste en que non se debe desligar o Camiño do Patrimonio Cultural Galego. A paisaxe está traballada dende fai millóns de anos, pero é moi importante manter o valor patrimonial e cultural. O valor paisaxístico inclúe a flora, a Galicia rural, os valores etnolóxicos, históricos e arqueolóxicos en torno ao Camiño, que son fundamentais e é no que repara a xente que percorre o Camiño.

Para rematar a intervención, fai fincapé nos aspectos máis relevantes que cómpre mellorar no Camiño: a sinalización, a limpeza, o emprego de materiais da zona nas intervencións, a accesibilidade ao patrimonio (as igrexas do Camiño están pechadas, malia ter unha forte ligazón co mesmo na súa advocación), a posibilidade de realizar intervencións na paisaxe como espazos libres de eucaliptos, que permitan contemplar as vistas panorámicas costeiras.

Recalca que vilas como Ribadeo ou Viveiro non teñen museos comarcais que podan dar vida a determinadas partes dos cascos históricos que non contan con desenvolvemento comercial. Destaca a riqueza cultural da Mariña no tocante aos



pecios, aos artistas locais, oficios tradicionais como o do traballo do liño, ou as antigas fábricas de salazón que existiron ao longo da costa lucense, etc.

Toma a palabra **Don Ricardo Gómez Polín**, quen logo de 30 anos investigando os camiños tradicionais, mostra a súa preocupación coa situación actual dos Camiños de Santiago, convertidos hoxe nun fenómeno de masas supeditado a intereses de carácter especulador e comercial, situación que, como indica, pode facer que *"non haxa camiño de volta"*. Volvendo ao que foi a concepción do Camiño por parte de Elías Valiña Sampietro, apela ao sentido espiritual que debe ter o Camiño de Santiago, o que non denota en exclusiva relixiosidade, senón cunha finalidade con arreglo a un punto de destino e a uns principios esenciais. Critica o feito de que dende a Administración só se aporte como indicador cifras e porcentaxes que falan de crecemento anual do número de peregrinos.

Indica que se está a destruír a *"camiñería tradicional"*, e con ela, *"a nosa forma de ser, a nosa conciencia, a nosa forma de organizar e interpretar o territorio"*.

Considera que os Camiños ordean o territorio, foron utilizados para a peregrinación pero son tamén Camiños reais, camiños de arrieiros, que cumprían múltiples funcións. En xeral, observa un desprezo sistemático da cultura camiñeira e, voltando á idea do Camiño como memoria, fai referencia ao esforzo de investigación e de vontade política que se precisa para mantelo vivo, o cal non atopamos nos centros de hostalería de Sarria e Portomarín, onde é visible un consumismo que non garante o futuro do Camiño na súa esencia.

Prosegue dicindo que a Lei do ano 1996, incide na concepción do Camiño como Ben de Interese Cultural coa categoría de territorio histórico. Considera que as actuacións políticas non van por ese lado e cómpre reorientar o enfoque que se dá a promoción sobre o Camiño. Se se segue o sentido da Lei, o Camiño ten que estar integrado nos departamentos de Patrimonio Cultural e o turismo virá a continuación, pero non será un turismo agresivo.

Opina que o Camiño orixinario está languidecendo porque está sen protexer. Os concellos, con xestión política próxima ao cidadán, pero con visión curtopracista, non fan o esforzo por chamar a atención sobre as agresións. A imaxe publicitaria actual do Camiño promociona o ánimo consumista e lévanos a unha riada de xente que non está peregrinando e, polo tanto, *"cando queiramos retomar o espírito orixinario do Camiño vai ser tarde. Estamos construíndo un novo Camiño de Santiago no ano 2016"*.

Continúa facendo referencia a unha notificación recibida no día anterior por parte duns trinta interesados, entre investigadores, colectivos, museos, etc, que teñen feito un esforzo económico persoal nos últimos anos para reclamar a delimitación oficial do Camiño Primitivo.

Este colectivo reclama a *"apertura"* do camiño tradicional alí onde *"esté trancado con cancelas, onde fose cortado por unha excavadora e derivado cara unha estrada asfaltada ou onde fose mal delimitado porque no ano 92 había moita prisa por chegar a Santiago"*. Indica que *"dende fai 25 ou 30 anos producíronse apropiacións do Camiño coñecidas por todos"*. Estamos a falar de que a Lei protexe a calzada histórica e dá a posibilidade de expropiala para recuperala. Asimesmo, incide en que o trazado do Camiño é un valor patrimonial en si mesmo, a partir do cal se xera toda unha



“cultura camiñeira”. Aporta como exemplo o caso de Castroverde, onde o paso do Camiño non se está a facer polo núcleo medieval, onde se atopa a rúa Santiago, senón que se fixo un desvío totalmente artificial. Igualmente menciona o caso de Toques, onde o Camiño está atrancado con 3 ou 4 cancelas e en Melide, está a rúa Camiño de Ovedo, porque o Camiño viña dende alí pero agora tráese dende Toques por inercia, porque nun momento dado se fixo así por circunstancias políticas e *“sempre se considera que é máis correcto non mover as cousas cando ningún protesta”*.

Prosegue dicindo que na resolución notificada no día anterior non entran a valorar os aspectos concretos que constan na solicitude en relación aos trazados, contestando en base a argumentos nos que se pon de relevo a historicidade como valor fundamental do Camiño, mais tamén argumenta que a Administración pode actuar de xeito discrecional, incidindo en que efectivamente hai un trazado histórico pero que a Administración pode desvialo a tenor doutras circunstancias. Incide no feito de que se tome como argumento que o Camiño ten sido declarado Patrimonio da Humanidade, malia que o trazado non sexa o histórico, para argumentar o feito de non entrar a valorar as cuestións reclamadas.

Pregúntase, polo tanto, se merecen a pena máis de 30 anos de investigación ante o fallo das máis altas instancias xudiciais da Comunidade Autónoma.

Para rematar, indica que cando se toman decisións para realizar determinados investimentos con fondos públicos débese facer de maneira axeitada. Os núcleos históricos que están ao longo do Camiño están languidecendo. Os caminantes pasan polas vilas e gastan en servizos de hostelería, mais non visitan os monumentos nin obteñen información, xa que non hai guías que podan explicar. Isto sucede porque a infraestrutura para o peregrino, caso dos albergues, non se constrúe en sitios estratéxicos para a dinamización do Camiño, e deste xeito os núcleos rurais tenden a quedar sen vida.

Apunta que os Camiños de Santiago entran no estudo dun importante entramado camiñeiro de todo o país que debe ser visto en conxunto. Cando el reivindica a conexión do Camiño Norte co Primitivo a través do mosteiro de Meira está a dicir que había hospitais de peregrinos, o mesmo que sucede por exemplo coa vía Küning e que, en definitiva, isto forma parte dunha cultura esencial nosa que explica o territorio.

Remata a intervención dicindo que se deben corrixir as eivas endémicas dos trazados, pero que hai que ter vontade política para facelo e apunta que o órgano establecido na Lei para controlar as actuacións, como era o Comité Asesor do Camiño, perdeu peso. Reivindica que este debería ser un órgano prestixioso e obxectivo que faga un seguimento en tempo real e que debe estar máis *despolitizado*. *“A Administración ten que ser eficaz se queremos un país moderno e o Camiño de Santiago debe ser un emblema no mundo”*.

Toma a palabra **Don Felipe Arias Vilas**, que comeza mostrando o seu acordo coa intervención de Don Ricardo Polín. Indica que a súa visión do Camiño é fundamentalmente patrimonialista. Súmase ao recoñecemento a Elías Valiña Sampedro e ao traballo realizado no pasado pola Deputación. Fai referencia ao Camiño como fenómeno turístico que dende as institucións queren *“disfrazalo”* de Camiño espiritual, o que explica as obras indiscriminadas que se teñen feito en moitos treitos. Segundo afirma, isto explica o feito de que as delimitacións sexan cambiadas



“á carta”, punto no que interveñen hostaleiros e alcaldes que actúan como “lobby”, deixando a protección patrimonial nun segundo nivel e indica que a nova Lei de Patrimonio, entrada en vigor no 2016, non serve para protexer patrimonialmente os Camiños. Engade que o concepto de camiñería histórica abarca unha rede de camiños que deben ser investigados e que agora toca afondar no estudo doutros Camiños, caso da Vía Rexia do Norte, xa que se lle deu carta de natureza á Ponte dos Santos para peregrinar, tamén se ten que dar recoñecemento a unha vía que está documentada polo mosteiro de Meira.

Como último apunte di que dende os anos 80 tódolos alcaldes queren que lles pase o Camiño polo seu Concello, pero non se dan conta da responsabilidade que isto conleva. Cando se delimita un camiño como histórico non se poden facer intervencións indiscriminadas e ahí e cando xurden os problemas tanto nos propios concellos como no conxunto da sociedade no relativo á apreciación do concepto de Patrimonio, unha realidade que parece non ter volta atrás.

Intervén a continuación **Dona Encarna Lago González**, que comeza apuntando que vai aportar a visión dalguén que vive no Camiño e aprendeu a valoralo dende o punto de vista patrimonial grazas á figura de Elías Valiña Sampedro, como alguén que dende os inicios mostra respecto por ese valor patrimonial tendo que sufrir moitas críticas mesmo por parte dos veciños.

Fai constar que desexa que as súas primeiras verbas sexan para reivindicar a figura de Elías Valiña Sampedro como figura clave na recuperación, xa que el buscaba sobre todo a patrimonialización, sen centrarse especialmente nin en aspectos místicos nin económicos, senón na propia concepción patrimonial, poñendo como exemplo a protección das pallozas ou construír de maneira determinada nos núcleos polos que pasa o Camiño. Igualmente, insiste na vinculación dos conceptos persoa-patrimonio-identidade para dar paso a unha análise DAFO da situación actual dos Camiños dende un punto de vista universalista:

DEBILIDADES

- A descoordinación entre administracións e asociacións tanto a nivel galego como entre as do resto do Estado.
- A transferencia de competencias dos Camiños de Cultura a Turismo.
- A inactividade do Consello Xacobeo e o Comité Asesor (“*créanse órganos xestores para que non xestionen, movéndonos nunha utopía*”).
- Banalización dos Camiños, equiparándoos a calquera outro destino turístico, perdendo o seu valor universal e patrimonial intrínseco.

AMEAZAS

- Conversión do Camiño nun produto de masas, o que fai que o valor cultural e espiritual do Camiño se vaia perdendo.
- Colisión entre os conceptos turista-peregrino.
- Hiperconcentración no quilómetro 100, convertindo o Camiño nunha mini-ruta de sendeirismo de cinco ou seis días.



- Unificación cada vez maior de tódolos Camiños en canto ás intervencións que se realizan neles (mesmo ancho, zahorra, etc).
- Interese por ter cada vez máis Camiños de Santiago.
- Esquecemento de que os Camiños non son só galegos.
- Posibilidade de que a UNESCO declare o Camiño como patrimonio en perigo se se segue a masificar.

FORTALEZAS

- Gran prestixio internacional.
- Gran valor histórico e patrimonial.

OPORTUNIDADES

- Coordinación real por parte de todas as Comunidades Autónomas polo Consello Xacobeo.
- Importancia da figura do Comité Asesor, que ten que estar moi en relación cos Concellos.

No que se refire ao caso concreto de cada Camiño aporta a seguinte análise:

CAMIÑO NORTE

DEBILIDADES

- Tramos delimitados incorrectamente sen rigor histórico debido a intereses económicos e políticos.
- Paisaxes con moitos eucaliptos.

AMEAZAS

- Intentos reiterados de continuar con variantes e bifurcacións polas Catedrais, San Martiño de Mondoñedo, etc.
- Actuacións a base de zahorra por parte da Axencia de Turismo de Galicia permitida por Patrimonio e ICOMOS.
- Homoxeneización constante dos sendeiros.

FORTALEZAS

- Non hai un punto de inicio que masifique a concentración de peregrinos.

OPORTUNIDADES

- Aprender dos erros do Camiño Francés.



CAMIÑO PRIMITIVO

DEBILIDADES

- Segue o mesmo modelo que no caso do Camiño Francés.

AMEAZAS

- Masificación do punto de inicio en Lugo.

FORTALEZAS

- Paisaxes fermosas, verdadeira inmersión na natureza.

OPORTUNIDADES

- Mantemento da autenticidade.
- Único Camiño cun punto de inicio concreto en Oviedo.
- Aprender dos erros cometidos.

CAMIÑO FRANCÉS

DEBILIDADES

- Tramo dende Sarria moi masificado.
- Delimitación feita con criterios dos anos 70.
- Carencia de inspección turística e sanitaria en establecementos.
- Permisividade por parte das administracións no relativo aos atentados contra o Patrimonio.

AMEAZAS

- As variantes e trazados alternativos desorientan aos peregrinos.

VÍA DA PRATA

FORTALEZAS

- Escasa masificación

OPORTUNIDADES

- Eliminación do Km. 100 ou que se estableza un punto de inicio en Sanabria ou Zamora.



CAMIÑO PORTUGUÉS

DEBILIDADES

- O 32% dos peregrinos inician o Camiño en Tui e o 30% en Oporto. Son poucos os que o comezan antes de Oporto.

AMEAZAS

- Trifurcación de Camiños por falta de claridade.

OPORTUNIDADES

- Aprender dos erros do Camiño Francés.

CAMIÑO PORTUGUÉS DA COSTA

DEBILIDADES

- Trazado inventado.

FORTALEZAS

- Camiño chan. Óptimo para persoas con discapacidade física. Apto para cadeiras de rodas.

Dona Encarna Lago González remata a súa intervención con dúas propostas: a reivindicación do recoñecemento da figura de Elías Valiña Sampedro e a esixencia de patrimonialización e conservación dos Camiños en aplicación da Lei.

Toma a palabra **Don Luis Celeiro Álvarez**, quen comeza facendo referencia ao cambio radical habido na paisaxe nos últimos anos en materia de ordenación do territorio e núcleos de poboación das aldeas, cambios que se deben ter en conta á hora de planificar o futuro. Mostra o seu acordo coas anteriores intervencións e suscribe as súas palabras. Mostra o seu desacordo co feito de que arrancasen as antigas mouteiras de sinalización do Camiño e califícao coma unha falta de respecto, porque, segundo afirma, o concepto de “respecto” cos nosos símbolos de identidade é a clave neste tema, e o Camiño de Santiago, sen dúbida, é un deses símbolos.

Destaca a necesidade de recoñecer a figura de Elías Valiña Sampedro e fai referencia á existencia dun albergue na Casa Grande de Lusío, onde se realizaron grandes inversión, mais onde a afluencia de peregrinos é moi escasa. Propón crear aquí un centro de estudos xacobeos dedicado á figura de Elías Valiña Sampedro, que se encargaría de protexer, conservar e promocionar o Camiño e a súa contorna, unha promoción que permitiría que nas zonas máis deprimidas de Lugo se crease industria.

Á marxe dos museos comarcais e de oficios propostos por Don Carlos Nuevo Cal, propón a creación dun museo da imprenta e da prensa local, con sede en Viveiro, Ribadeo e Ortigueira, onde están os primeiros xornais escolares que houbo no mundo, uns xornais que facían os rapaces e que eran unha carta colectiva aos seus pais emigrados en Cuba. Esa riqueza cultural pasou desapercibida en Galicia nos últimos



anos ata que uns doutores da Universidade de Reims enviaron uns alumnos facer unha tese sobre o tema.

Recalca a importancia da investigación nas cinco grandes áreas de coñecemento como unha inversión e propón a creación dun número de bolsas por ano para financiar teses de doutoramento sobre aspectos do Camiño de Santiago (pon como exemplo estudar a figura do matemático Vázquez Queipo). Engade que para investigar hai que ter organización.

Incide en que é necesario contar cunha Comisión ou un Comité Asesor plural, con políticos, expertos, especialistas en ordenación do territorio, xente ligada ao mundo do turismo, etc. Di que dentro desta Comisión debe haber un órgano executivo que vixíe e administre con neutralidade este tipo de accións de protección, conservación, promoción e estudo dos Camiños, mais sempre con respecto polo propio Camiño e os peregrinos.

A Mesa Técnica continúa coa intervención de **Don Enrique Alcorta Irastorza**, que comeza facendo fincapé na idea de que o patrimonio se comezou a valorar recentemente. Destaca o caso da muralla de Lugo e as actuacións levadas a cabo nos últimos anos en forma de pequenos museos de sitio, mais bota en falta un centro que aglutine todo, máis aló da promoción, difusión e coordinación, respetando as competencias de cada institución. Remata aportando a idea de que a cada plan lle debe corresponder un presuposto, pero débese especificar moi ben de donde saen as aportacións presupostarias.

Toma a palabra **Dona Yoani Jartín Salgado**, quen comeza a súa intervención apuntando que a Mesa Provincial dos Camiños é unha maneira de comezar a coordinar a todos os axentes implicados, dando a oportunidade de que todos sexan escoitados.

Remarca que o turismo vén ligado ao patrimonio, ao que debe a súa existencia e que o que cómpre facer é xestionalo con respecto e cautela, establecendo claramente os parámetros de protección. Considera que hai que facer fincapé na investigación e recuperar os estudos existentes.

Prosegue dicindo que o concepto de Camiño trascende dun percorrido físico e que o Camiño é o que cadaquén leva dentro e o que esperta a experiencia de facelo. Por este motivo, hai que ter moito coidado e “mimar” as condicións a nivel do patrimonio histórico- artístico e arquitectónico, pero tamén da paisaxe. O silencio e recollemento que vemos nos camiños e corredoiras non é o mesmo que podemos experimentar nunha pista de zahorra de ancho homoxéneo e marcándose horizontes temporais para facer o Camiño.

Indica que é necesario facer unha socialización do Camiño e incide na necesidade de formación da poboación local. Apunta que o sentimento de querencia do Camiño é básico, pois na maior parte dos casos a xente veu cunha finalidade meramente lucrativa, máis que como algo que forma parte da súa vida. Trátase de facer unha socialización do Camiño e unha formación a nivel da poboación local e, se esta é capaz de interiorizar o Camiño e a súa protección, tamén será capaz de coidar a contorna e os peregrinos que pasan. Non é o mesmo pór uns paneis que que calquera veciño conte a súa experiencia, por que ese camiño está ahí, por que se recuperou e que sentido ten.



Prosegue dicindo que hai estudos que comezaron e non seguiron adiante, como o caso do Camiño Norte do Interior (Vía Rexia do Norte), que deberían ser retomados, pois trátase dun Camiño coa mesma validez que as rutas oficiais.

Incide en que hai que saber como vender o Camiño como unha experiencia a nivel sensorial, non físico, xa que o produto é o resultado do que queda cando un remata o Camiño. Tamén apunta a necesidade da formación no Camiño a nivel de servizos, dende para facer unha visita a un entorno ata para servir un café. Considera que é básico que a xente leve unha experiencia, o cal se consegue coa protección pero tamén coa atención, polo que é necesaria a citada formación para hospitaleiros, comerciantes e veciños para que haxa unha socialización dese Camiño e considera que a información que se debe xerar dende a Administración debe ser máis homoxénea para todos os Camiños e que todos teñan as mesmas posibilidades de defender e recuperar o seu patrimonio e a súa paisaxe.

Toma a palabra **Don Francisco Singul Lorenzo**, quen comeza indicando que a Deputación pode asumir varias liñas de traballo a desenvolver no marco do Plan Director e no eido da colaboración interadministrativa coas provincias e Comunidades Autónomas limítrofes. Considera que a liña de traballo de estudos xacobeos da Deputación de Lugo foi sempre moi destacada e que isto se debe seguir desenvolvendo.

Destaca os elementos declarados na Provincia Patrimonio Mundial da Humanidade como unha oportunidade que dá lugar a grandes responsabilidades de colaboración e irmandamento con outros territorios históricos e Camiños a nivel internacional.

Fai referencia á necesidade de contar unha cartografía para incluír nos planos e folletos divulgativos dos Camiños. Conclúe coa idea de que a Deputación debe traballar na liña da colaboración institucional, a realización de estudos e publicacións e a oportunidade de promocionarse internacionalmente e irmandarse con outros itinerarios e territorios.

Intervén a continuación **Don Eloy Rodríguez**, quen comeza lembrando a figura de Elías Valiña Sampedro. Comenta que o máis difícil da súa experiencia como Alcalde de Portomarín foi reunir as corporacións locais en torno ao mesmo obxectivo do Camiño. Di que fai décadas considerábase que promocionar o Camiño non pagaba a pena porque *“os peregrinos cando chegaban a Galicia viñan sen cartos e con bastante suciedade”*, mais el remarca que a súa experiencia como peregrino lle di que traían algo máis: cultura, educación e ilusión por chegar a Santiago. Remarca a importancia da coordinación entre Asociacións e Administracións. Lembra a creación da Asociación de Amigos do Camiño Francés e a dificultade que tivo para que os Alcaldes acudisen ás reunións convocadas. Lembra que el procuraba que nestas reunións estivesen tamén os industriais e hostaleiros, ante a previsión de que o Camiño se convertese no que hoxe en día coñecemos.

Unha das cuestións que lamenta, atendendo á actualidade no Camiño, é ver en primeira persoa como en moitos establecementos se quere esquilar ao peregrino, por exemplo, cobrándolle máis cá outras persoas polos produtos e servizos que consume.



Igualmente, lémbrese de como foron polas casas dos veciños redescubriendo os actuais sendeiros e lembra como loitou porque os Camiños non se asfaltasen e, de ser necesario, se construíse un camiño paralelo.

Por último, propón crear unha directiva ou asociación que controle o Camiño como a maior riqueza cultural e económica de Galicia.

Intervén a continuación **Don Fernando Planas Roca**, que comeza poñendo de manifesto as aportacións realizadas pola Deputación nunha reunión mantida coa consultora directora do proxecto de redacción do Plan Director do Camiño de Santiago. Incide que dende o Servizo Provincial de Vías e Obras propúxose entre outras cousas, homoxeneizar o pavimento e a sinalización do Camiño, o aumento da sinalización dos cruces do Camiño nas estradas para a mellora da seguridade vial e a redución de accidentes, a xeorreferenciación do Camiño, permitindo que os peregrinos podan descargar as coordenadas GPS do Camiño ou a redución dos tramos do Camiño que se superpoñen con estradas provinciais, habilitando sendeiros peonís. Indica que estas cuestións aparecen recollidas no documento final do Plan Director.

A continuación intervén de novo **Don Ricardo Gómez Polín**, quen mostra a súa disconformidade con esta última intervención. El considera que os camiños tradicionais hai que deixalos como están, con muros, árbores e terra, xa que coa introducción de *jabre* estamos a destruír non só o aspecto físico, senón tamén a memoria, a arqueoloxía e a cultura inmaterial, polo que non está dacordo con esta visión técnica, segundo a súa idea de necesidade de respecto pola traza histórica. Mostra tamén o seu acordo con esta disconformidade Don Xaime Félix Árlindo López Arias.

Toma a palabra **Dona Elisa Ferreira Priegue**, que se presenta como historiadora que estudou os camiños medievais de Galicia. Indica que desexa facer fincapé en aspectos xurídico- institucionais que facían posible que un camiño puidera ser considerado "Camiño de Santiago". Di que sempre se trataba de camiños reais, que ían de vila a vila, onde se concentraba o mercado, os controis fiscais e o poder xudicial. Por este motivo, hoxe, a meirande parte destes camiños reais están convertidos en estradas e autopistas. Indica que os peregrinos non eran sempre uns indixentes, senón que moitos deles aforrarián toda a súa vida

para facer ese camiño e unha das formas que tiñan para obter diñeiro e pagar os correspondentes servizos consistía en levar consigo mercadorías e vendelas nas vilas nas que efectivamente tiñan servizos para a súa atención, caso de aloxamentos.

Considera, polo tanto, que non se poden inventar Camiños de Santiago só porque teñamos un camiño antigo que vai a Santiago. É frecuente atopar na documentación relatos de xente que facía o percorrido por vías alternativas, pero isto sucede porque moitas veces se despistaban. Un peregrino só non fai Camiño e hai que ser moi restrictivo para determinar o que é un Camiño de Santiago, que será xeralmente un camiño público, xa que os peregrinos trataban de facer as cousas da maneira máis sinxela posible.



Considera que os camiños non poden recuperarse como obxectos arqueolóxicos, xa que precisamente a mostra do moi vivos que están consiste en ver como foron evolucionando e adaptándose. Conclúe dicindo que *“non hai tantos camiños como se di”* e *“hai que mirar moi ben o seu significado e natureza antes de decidir se realmente se trata dun Camiño de Santiago”*.

Intervén **Dona María de las Nieves Peiró Graner** que recorda como, na época de traballo do grupo de investigación de Estudos Xacobeos resultaba moi difícil atopar o verdadeiro camiño, xa que a concentración parcelaria desfixera os trazados, debendo buscar vías alternativas para volver trazalo, pois era imposible facelo polo sendeiro orixinal. Móstrase dacordo con Dona Elisa Ferreira Priegue, no sentido de que considera que non hai tantos camiños como se cre e lembra como nas fontes documentais empregadas na investigación o feito de que constase unha casa situada ao lado do camiño ou un hospital de peregrinos eran datos que axudaban moito na labor investigadora. Considera de que o feito illado de documentar o paso dun peregrino non quere dicir que se trate dun camiño de Santiago e incide na idea de distinguir entre “Camiños de Santiago” e “Camiños a Santiago”.

Intervén de novo **Dona Elisa Ferreira Priegue** para insitir na idea de que o Camiño ten que ser un camiño real, público e equivalente hoxe en día ao que sería unha estrada nacional e fai alusión ao que califica como *“síndrome dos camiños franceses espúreos”*, ante o feito de que dende fai séculos a xente alegaba o paso do Camiño a carón das súas propiedades para pedir que se fixeran reparacións, melloras, etc.

Rematadas as delibeiracións da Mesa Técnica, toma de novo a palabra o moderador da mesma, **Don Xosé Manuel Becerra Pardo**, que resume as conclusións nas seguintes propostas e conclusións:

- Impulsar un marco regulamentario para o funcionamento da Mesa dos Camiños.
- Crear un grupo de traballo dende a Deputación para abordar a cultura xacobeá dende unha perspectiva plural.
- Reivindicar a conservación e a protección dos Camiños de Santiago ao seu paso pola Provincia de Lugo.
- Recoñecer a labor que dende os anos 80 levou a cabo a Deputación en prol da recuperación da cultura xacobeá.
- Reivindicar o recoñecemento da figura de Elías Valiña Sampedro. Recuperación do Premio Elías Valiña Sampedro.
- Recuperar as mouteiras tradicionais colocadas pola Deputación de Lugo.
- Respeto polo significado patrimonial e cultural dos Camiños, tanto dende o punto de vista territorial, espiritual, etc.
- Reclamación dun maior apoio ás labores de investigación e comunicación.
- Necesidade dun cambio de visión e de actuacións por parte das Administracións ao respecto dos Camiños.
- A implementación dun ente de actuación directa e control no Camiño.
- A creación do centro de estudos sobre o Camiño na Casa Grande de Lusío, que leve o nome de Elías Valiña Sampedro.
- A recuperación das distintas rutas e trazados orixinais e do valor cultural dos núcleos rurais do Camiño.



- Necesidade de coordinar as asociacións e institucións en torno ao Camiño.
- Mellora da sinalización, seguridade e da limpeza e necesidade de manter o trazado como elemento substantivo dos propios camiños.
- A necesidade de aproveitar sinerxías xeradas polos bens e territorios declarados Patrimonio Mundial da Humanidade para estreitar lazos con outros territorios a nivel internacional.
- Crear unha rede museística comarcal, con temas expositivos ligados entre outros, aos pecios, oficios tradicionais, fábricas de salazón, imprenta, etc.

Don Manuel Rodríguez Fernández incide na necesidade de evitar a excesiva “*turistización do camiño*”, que conleva á estandarización e homoxeneización e promover a consecución da harmonía e sensibilidade na xestión. Apunta tamén á necesidade da limpeza do Camiño como un campo no que deberían colaborar tódalas institucións. Igualmente aporta a idea da necesidade de que a xente que está en contacto co peregrino reciba unha maior formación por parte de expertos na materia, como por exemplo de asociacións, co ánimo de fomentar o espírito de hospitalidade implícito no Camiño. Igualmente, indica a posibilidade de estudar e catalogar os elementos do patrimonio xacobeo ao longo dos camiños e elaborar materiais como fichas ou folletos que se puidesen pór a disposición dos peregrinos. Por último fai fincapé na necesidade de facer un reconto máis efectivo de peregrinos, xa que nas estatísticas da catedral de Santiago non figuran tódolos datos.

A colación desta última aportación, intervén **Don Ramón Yzquierdo Perrín** para advertir da diferenza entre peregrino e camiñante, incidindo que dita diferenza radica na motivación, sendo a motivación do peregrino a relixión, afirmación coa que Don Manuel Rodríguez mostra o seu desacordo, por considerar que peregrinos son todos.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión da mesa técnica ás 12:45 horas do día sinalado ao inicio levantándose a presenta acta que eu como Secretaria certifico.

A Secretaria da Mesa Técnica

Asdo. Silvia Fernández Vila

O Moderador da Mesa Técnica

Asdo. Xosé Manuel Becerra Pardo